

Para realizar estas funcións, poderanse utilizar ou empregar cantos medios estean a disposición tanto da Xerencia deste instituto como da citada comisión técnica da escola, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e nas restantes normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Xerencia do IGAEM e, por delegación súa, o Departamento de Xestión Económico-Administrativa, poderán requirir en todo momento os/as alumnos/as seleccionados/as, como actuacións encamiñadas á comprobación da veracidade dos datos aducidos, a presentación da documentación orixinal e complementaria que se considere necesaria, para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para a bolsa de axuda recollida nesta convocatoria, agás aquela que, de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atope en poder da Administración actuante.

Neste mesmo sentido, a presentación da solicitude das bolsas polo/a alumno/a seleccionado/a levará consigo a autorización a este organismo para proceder á comprobación e conseguinte verificación destes datos ante os servizos tributarios correspondentes, e a recabar o certificado que emitirá a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2006.

Miguel A. Martín Fernández
Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

ANEXO

Formulario de inscrición

Sección de Especialización da Escola
de Altos Estudos Musicais de Galicia
(Probas de admisión da convocatoria ordinaria
para a promoción 2006/2008)

Apelidos:
Nome:
DNI/NIF ou pasaporte:
Data de nacemento:
Lugar:
Domicilio:
Cidade CP:
Teléfono:
Instrumento:
Obras que interpretará nas probas:
Necesita pianista: SÍ NON
No caso de acadar praza como activo, ¿solicita bolsa?
Documentación que se presenta -sinálese o que corresponda-:
Curriculum vitae (máximo quince liñas).
Certificado de estudos.
Diplomas de cursos realizados.
Unha fotografía tamaño carné.

Fotocopia do DNI/NIF ou pasaporte.

Repertorio de obras que interpretará nas audicións.

Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais
Santiago de Compostela

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 13 de febreiro de 2006 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para proxectos empresariais de investimento.

Mediante Resolución do 11 de marzo de 2005 fíxose pública a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do Igape para proxectos empresariais de investimento (DOG nº 58, do 28 de marzo), aprobadas polo Consello de Dirección do Igape na súa reunión do 24 de febreiro de 2005.

Coa finalidade principal de favorecer a implantación de novas empresas e contribuír tamén ao mantemento e progresión das existentes na comunidade autónoma, así como para fomentar o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e a creación de emprego de calidade e de carácter indefinido.

Na procura dunhas condicións que contribúan a incrementar o atractivo investidor da Comunidade Autónoma de Galicia en termos de competitividade interterritorial, o Igape, no seu papel de instrumento básico de promoción económica para esta comunidade autónoma, considera conveniente reformular os instrumentos de apoio e incentivo ao investimento empresarial en Galicia.

Por outra banda, as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, estiveron sometidas nos últimos anos a un proceso de reestruturación, sobre todo no sector público naval e mineiro, cunha grande incidencia na perda de emprego, capacidade produtiva e tecido industrial.

Ante a situación que se vén prolongando e, se cabe, agravando nos últimos anos na economía e desenvolvemento empresarial en Ferrolterra, as distintas administracións veñen de adoptar medidas específicas de apoio que, o Igape, como instrumento esencial para o desenvolvemento económico de Galicia, debe reforzar, coordinar e, consecuentemente, afondar nas posibilidades de fomento da capacidade de reindustrialización e progreso sostido da zona.

Polo tanto, co obxecto de contribuír ao cumprimento dos retos de reforzo e progreso socioeconómico de Ferrolterra, as solicitudes presentadas ata o 31 de outubro de 2006 para proxectos localizados nas comarcas de Ferrol, Eume ou Ortegal, seguirán a regulación específica sinalada nunha disposición transitoria ás bases reguladoras.

Por último, para a coordinación coa regulamentación das axudas derivadas da Lei de incentivos rexionais considérase oportuno modificar a disposición transitoria primeira, tendo en conta que as

medidas específicas para municipios da Costa da Morte e determinados municipios de Lugo e Ourense rexerán unicamente para as concesións con data anterior ao 31 de decembro de 2006.

Na súa virtude, modifícanse os puntos que de seguido se sinalan das bases reguladoras das axudas do Igape para proxectos empresariais de investimento (DOG nº 58, do 28 de marzo) acordados polo Consello de Dirección do Igape na súa reunión do 2 de febreiro de 2006:

Primeiro.-A base 3ª.-Requisitos dos beneficiarios, substitúese polo seguinte texto:

«Base 3ª.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios:

3.1. Aquelas sociedades con obxecto empresarial que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter radicado ou prever a radicación dalgún centro de actividade de carácter permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Desenvolver en Galicia algunha das actividades subvencionables que se sinalan na base 4.1.

c) Presentar un proxecto no que a súa base subvencionable, segundo a base 5ª, ascenda como mínimo aos 600.000 euros e que sexa considerado viable técnica, económica e financeiramente polo Igape. Para os proxectos de ampliación ou modernización o investimento subvencionable deberá ser, ademais, superior a 1,5 veces a dotación media para amortizacións, circunscrita ao centro obxecto dos novos investimentos, nos 3 últimos exercicios pechados.

d) Achegar para o proxecto de investimento un autofinanciamento de polo menos un 30% do seu importe, que non poderá ser obxecto de axuda ou subvención ningunha.

e) Para aquelas empresas non consideradas novas empresas segundo a base 3.2, acreditar a existencia, na data de solicitude, de polo menos un 50% de empregos con contrato indefinido nos seus centros de traballo radicados en Galicia.

f) Comprometerse a manter o emprego existente segundo o establecido na base 13.4.1 a).

g) Comprometerse a crear polo menos 5 postos de traballo de carácter indefinido nos seus centros de traballo en Galicia.

h) Comprometerse a manter unha determinada composición do accionariado nos supostos en que esta represente un elemento substancial para garantir a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto e así se establece na resolución de concesión.

3.2. Para os efectos previstos nestas bases, entenderase por novas empresas, as que a súa data de inicio de actividade sexa inferior a un ano natural á data de presentación da solicitude das axudas.

3.3. Excepcionalmente e logo de xustificación, o Consello de Dirección do Igape poderá:

a) Excepcionar o requisito de investimento subvencionable mínimo superior a 600.000 euros cando a iniciativa empresarial se considere de especial impacto económico no territorio en que se implante ou de especial interese sectorial.

b) Excepcionar a exigencia das condicións de emprego establecidas nas alíneas e), f) e g) da base 3.1 anterior nos casos de estacionalidade da actividade ou das especiais condicións dun sector ou dunha empresa que requiran un importante esforzo investidor de cara a garantir a súa competitividade. Nestes casos, a resolución de concesión establecerá as condicións específicas a cumprir relativas ao emprego».

Segundo.-O número 1 da base 4ª.-Actividades subvencionables, substitúese polo seguinte texto:

«4.1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa, os proxectos de investimento en Galicia para a consolidación ou posta en marcha dalgunha das seguintes actividades:

-A extracción, procesamento, transformación ou produción de minerais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.

-A industria manufactureira, excluindo con carácter xeral a primeira transformación de producións agrícolas, gandeiras e pesqueiras. Determinadas actividades de transformación de producións agrícolas, gandeiras ou pesqueiras, poderán ser subvencionables logo de acordo do Consello de Dirección do Igape por proposta dos departamentos sectoriais competentes por razón da materia e dentro dos límites e condicións establecidos se é caso, pola normativa da UE na materia.

-Turismo: hoteis de tres ou máis estrelas, balnearios e baños, podendo incluír instalacións complementarias; portos deportivos de acceso público.

-Actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación e calquera outra de avanzada tecnoloxía.

-O transporte.

-Servizos avanzados:

-De implantación de sistemas tecnolóxicos: monitorización e control de procesos industriais, sistemas de seguimento remoto e telecomando de procesos, sistemas mecánicos.

-Enxeñaría de produtos e procesos industriais, enxeñaría de proxectos aeronáuticos ou espaciais.

-Servizos auxiliares á industria:

-Lavandaría industrial.

-Servizos de envasado e embalaxes especiais.

-Servizos de atención telemática.

-Loxística (só creación de centros loxísticos en polígonos de promoción pública).

O proxecto subvencionable deberá, en todo caso, estar vinculado a algunha destas actividades, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante.

Nas actividades de transporte e loxística quedan excluídos os gastos destinados á adquisición de elementos de transporte exterior.

Tamén poderán ser incentivados, con especial consideración, os investimentos para a creación ou ampliación de centros de desenvolvemento, investigación, ensaios ou laboratorios vinculados ás empresas cuxa actividade principal sexa subvencionable».

Terceiro.-A base 5ª.-Conceptos subvencionables, substitúese polo seguinte texto:

«Base 5ª.-Conceptos subvencionables.

5.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido, consideraranse conceptos subvencionables os seguintes:

A) Investimentos realizados en:

a) Adquisición dos terreos necesarios para acometer o proxecto, traídas e acometidas de servizos, urbanización e obras exteriores adecuadas ás necesidades do proxecto.

b) Obra civil en: oficinas, laboratorios, servizos sociais e sanitarios do persoal, almacenamento de materias primas, edificios de produción, edificios de servizos industriais, almacenamento de produtos terminados e outras obras vinculadas ao proxecto.

c) Adquisición de inmobles.

d) Bens de equipo: maquinaria de proceso, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipo ligados ao proxecto. Nos sectores de transporte e loxístico quedan excluídos os gastos destinados á adquisición de elementos de transporte exterior.

e) Outros investimentos en activos fixos materiais incluíndo mobiliario.

f) Traballos, estudos de planificación, enxeñaría de proxecto e dirección facultativa.

g) Aplicacións informáticas e adquisición de propiedade intelectual e industrial, incluíndo licenzas de fabricación e patentes, e outros activos intanxibles ligados ao investimento, en contía non superior ao 25% do investimento subvencionable aprobado.

B) Excepcionalmente, por acordo do Consello de Dirección do Igape, no caso de proxectos de establecemento dunha empresa ou centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, poderán ser subvencionables os custos de formación específica

do persoal para a implantación do proxecto, cando as características da actividade que se vai desenvolver así o xustifique. As intensidades de axuda non superarán os límites establecidos no Regulamento 68/2001 da Comisión do 12 de xaneiro de 2001, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas a formación.

5.2. Para a determinación do importe da base subvencionable, estarase aos criterios e módulos de custo máximo subvencionable que aprobe o Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos recollidos no punto 5.1º A) anterior, que, se é o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.

5.3. Naqueles casos de subvención ao terreo, construcións e urbanizacións por cambio de localización dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a base sobre a que se aplicará a subvención será o que resulte da diferenza entre o prezo de adquisición dos novos activos e o valor dos da antiga localización, segundo informe de taxación suscrito por sociedade de taxación homologada, sempre e cando as instalacións a abandonar fosen propiedade da empresa ou dos seus socios maioritarios. Se dentro do prazo de execución do proxecto (prazo de vixencia) establecido na resolución de concesión da subvención fosen alleados os terreos da antiga localización da empresa e o importe neto da venda resultase superior ao da taxación homologada que se tivo en conta para os efectos da subvención, reaxustarase o importe da subvención concedida.

5.4. Serán subvencionables os investimentos realizados en bens de primeiro uso empresarial pagados con posterioridade á presentación da solicitude de axuda e con anterioridade á finalización do prazo concedido para a execución do proxecto. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda.

5.5. No caso de investimentos en obra civil, os solicitantes estarán obrigados a levantar acta notarial que reflecta fidedignamente con posterioridade á presentación da súa solicitude de axuda, a non iniciación da obra ou do seu estado de execución, acompañada, neste caso, pola valoración obxectiva do investimento executado. Nestes casos, unicamente serán subvencionables aqueles investimentos realizados con posterioridade ao levantamento da citada acta.

5.6. Nos casos de proxectos de primeira implantación en Galicia, os interesados poderán solicitar un pre-acordo no que, coa participación dos departamentos da Xunta de Galicia implicados, se determinen os apoios que, no conxunto dos programas e actuacións da Administración da comunidade autónoma, poderían acadarse, no caso de levar a cabo en Galicia o proxecto de investimento previsto baixo as premisas que se especifiquen no pre-acordo».

Cuarto.-A base 6ª.-Criterios preferentes de concesión, substitúese polo seguinte texto:

«Base 6ª.-Criterios preferentes de concesión.

6.1. Con carácter xeral e ata un máximo do 15% dos gastos subvencionables, teranse en conta na concesión e na determinación da contía da axuda aqueles proxectos que cumpran os seguintes criterios:

a) A creación de emprego mediante contratos indefinidos.

b) Primeiro establecemento. Proxectos que dean orixe á primeira implantación dunha empresa na comunidade autónoma, ou dunha actividade nova e diferenciada dunha empresa xa implantada en Galicia.

Para estes efectos, cando unha nova sociedade acometa un proxecto de investimento en Galicia, pero os seus socios principais desenvolvan actividades similares a través de sociedades preexistentes, o proxecto terá a consideración de proxecto de ampliación ou modernización.

c) As características do proxecto. Valorarase:

-O carácter dinamizador do proxecto para a economía da zona en que se implante.

-O carácter innovador do proxecto.

-O valor engadido medio da actividade empresarial.

-A utilización de materias primas autóctonas.

-A orientación da produción cara á exportación.

-A adaptación e mellora ambiental.

-A incorporación de tecnoloxía avanzada.

-Proxectos de investimento en centros de desenvolvemento, investigación e ensaios ou laboratorios.

-Proxectos propostos por empresas adscritas a algún dos clusters galegos legalmente constituídos.

d) A localización do proxecto.

6.2. No caso de adquisición de terreos localizados en polígonos de promoción pública realizada directamente ao organismo promotor poderase conceder unha subvención de ata o 50% do seu prezo, dentro dos límites máximos de intensidade de axuda do 40% establecidos na base 16.2.

O Consello de Dirección do Igape poderá acordar a superación da porcentaxe de subvención do 50% do prezo de adquisición no caso de empresas de nova implantación na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que o interese estratéxico do proxecto así o aconselle.

6.3. Dentro do límite máximo de intensidade de axuda establecido na base 16.2, e con base no carácter dinamizador do proxecto, o Consello de Dirección do Igape poderá acordar incrementar a porcentaxe de subvención para aqueles proxectos que desen-

volvan actividades ou elaboren produtos que, entre outros, cumpran algunha das seguintes condicións:

a) Teñan unha demanda interna elevada.

b) Correspondan a sectores emerxentes ou de alta tecnoloxía.

c) Sexan intensivos en emprego.

d) Estean afectados por circunstancias excepcionais que supoñan un freo na actividade económica».

Quinto.-A alínea c) do número 1 da base 11ª.-Obrigas dos beneficiarios, substitúese polo que segue:

«c) Acreditar ante o Igape que esta ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas a obter dos organismos competentes os certificados de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, da Seguridade Social e da Administración pública da comunidade autónoma. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlles requiridos ao interesado».

Sexto.-Elimínase o número 4.3 da base 13ª.-Xustificación.

Sétimo.-O número 1 da base 16ª, substitúese polo seguinte texto:

«16.1.-As axudas previstas nestas bases serán incompatibles con calquera outra das reguladas polo Igape, agás:

a) As contidas nos convenios de financiamento coas entidades financeiras participantes do Fondo de Desenvolvemento Inesga para proxectos de investimento empresarial de especial interese para Galicia (DOG nº 222, do 16 de novembro de 2000).

b) As axudas ou programas de carácter financeiro: como subsidiación ao tipo de xuro, microcréditos, garantías ou préstamos directos».

Oitavo.-A base 17ª.-Publicación de concesións, substitúese polo seguinte texto:

«Base 17ª.-Publicación de concesións.

As axudas concedidas ao abeiro das presentes bases serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape (www.igape.es) expresando beneficiario, finalidade, contía, compromisos en materia de emprego e aplicación orzamentaria».

Noveno.-A disposición transitoria primeira substitúese polo seguinte texto:

«Para as solicitudes de axuda presentadas ata o 31 de maio de 2006 aplicaranse os seguintes criterios:

a) Para proxectos de investimento situados nalgún dos municipios da Costa da Morte que se sinalan na epígrafe I do anexo III que tendo solicitado as axudas previstas na Lei 50/1985, do 27 de decembro,

quilibrios económicos interterritoriais, contén cunha proposta favorable de axuda ben do grupo de traballo ou do Consello Reitor previstos na dita lei, o Igape complementará a axuda resultante da dita proposta ata acadar un mínimo do 35% de subvención sobre o importe de investimento subvencionable.

b) Para proxectos de investimento de nova implantación ou de ampliación con creación de emprego situados nos municipios de Lugo e Ourense que se sinalan na epígrafe II do anexo III, que tendo solicitado as axudas previstas na Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais, contén cunha proposta favorable de axuda ben do grupo de traballo ou do Consello Reitor previstos na dita lei, o Igape complementará a axuda resultante da dita proposta ata acadar un mínimo do 30% de subvención sobre o importe de investimento subvencionable».

Décimo.-Engádesse unha nova disposición transitoria terceira co seguinte texto:

«Terceira.-As solicitudes pendentes de resolución á data de entrada en vigor desta modificación e as que se presenten ata o 31 de outubro de 2006 para proxectos localizados nas comarcas de Ferrol, Eume ou Ortegal, seguirán a seguinte regulación específica nas epígrafes das bases que a continuación se sinalan:

1. «3.1º c).-Presentar un proxecto no que a súa base subvencionable, segundo a base 5ª ascenda como mínimo a 300.000 euros e que sexa considerado viable técnica, económica e financeiramente polo Igape. Para os proxectos de ampliación ou modernización o investimento subvencionable, ademais, deberá ser superior a 1,5 veces a dotación media para amortizacións, circunscrita ao centro obxecto dos novos investimentos, nos 3 últimos exercicios pechados».

2. «3.1º g). Comprometerse a crear un mínimo de tres postos de traballo de carácter indefinido nos seus centros de traballo en Galicia».

3. «4.1.-Serán subvencionables ao abeiro deste programa, os proxectos de investimento en Galicia para a consolidación ou posta en marcha dalgunha das seguintes actividades:

-A extracción, procesamento, transformación ou produción de minerais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.

-A industria manufactureira, excluindo con carácter xeral a primeira transformación de producións agrícolas, gandeiras e pesqueiras. Determinadas actividades de transformación de producións agrícolas, gandeiras ou pesqueiras, poderán ser subvencionables logo de acordo do Consello de Dirección do Igape por proposta dos departamentos sectoriais competentes por razón de materia e dentro dos límites e condicións establecidos, se é o caso, pola normativa da UE na materia.

-Turismo: hoteis de tres ou máis estrelas, balnearios e baños, podendo incluír instalacións complementarias; portos deportivos de acceso público.

-Actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación e calquera outra de avanzada tecnoloxía.

-Transporte.

-Servizos avanzados:

-De implantación de sistemas tecnolóxicos: monitorización e control de procesos industriais, sistemas de seguimento remoto e telecomando de procesos, sistemas mecatrónicos.

-Enxeñaría de produtos e procesos industriais, enxeñaría de proxectos aeronáuticos ou espaciais.

-Servizos auxiliares á industria:

-Lavandaría industrial.

-Servizos de envasado e embalaxes especiais.

-Servizos de atención telemática.

-Outros servizos de apoio industrial, incluíndo a reparación naval, suxeita ás directrices comunitarias.

-Loxística (só creación de centros loxísticos en polígonos de promoción pública).

O proxecto subvencionable deberá en todo caso estar vinculado a algunha destas actividades, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante.

Nas actividades de transporte e loxística quedan excluídos os gastos destinados á adquisición de elementos de transporte exterior.

Tamén poderán ser incentivados, con especial consideración, os investimentos para a creación ou ampliación de centros de desenvolvemento, investigación, ensaios ou laboratorios vinculados ás empresas cuxa actividade principal sexa subvencionable».

4. «6.1º d).-A localización do proxecto. Outórganse 5 puntos porcentuais adicionais de subvención por localización nos proxectos que se desenvolvan nas comarcas de Ferrol, Eume ou Ortegal, garantindo unha axuda mínima do 15% para proxectos de nova implantación e do 10% para proxectos de ampliación ou modernización».

Décimo primeiro.-Elimínanse os anexos I «Declaración de execución de estudos vinculados á decisión de investir» e IV «Actividades subvencionables». Os restantes anexos renuméranse, substituíndose as súas referencias nas bases segundo o que segue:

Anexo I: Instancia de solicitude.

Anexo II: Documentación que hai que presentar coa solicitude.

Anexo III: Municipios de especial consideración.

Anexo IV: Solicitude de cobramento.

Décimo segundo.-A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Resolución do 14 de febreiro de 2006 pola que se fan públicos os importes dos créditos reservados para o financiamento dos diferentes programas de axudas que se van conceder con cargo aos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2006 e os seus compromisos plurianuais.

As bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para proxectos empresariais de investimento, as bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise, as axudas ás pemes para a elaboración de diagnósticos empresariais, os proxectos Inesga, e as bases reguladoras das axudas aos custos de auditoría de contas nos programas de préstamos e garantías, prevén a publicación anual da reserva de crédito dispoñible para cada exercicio orzamentario, unha vez aprobados os orzamentos do Igape.

Por outra parte, publícase o importe para a concesión durante o exercicio 2006 de préstamos para financiar producións audiovisuais, unha vez esgotado o importe publicado na resolución do 22 de abril de 2002 pola que se facía público o acordo do consello de dirección do Igape que establecía un programa de préstamos para financiar producións audiovisuais.

Con data do 29 de decembro de 2005 o Parlamento de Galicia aprobou os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publicados mediante a Lei 7/2005 (DOG nº 250, do 29 de decembro).

Polo que antecede,

RESOLVO:

Facer públicas, de acordo cos importes que se relacionan no anexo, as reservas de crédito que para cada programa de axuda se derivan da aprobación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e os seus compromisos plurianuais para os exercicios 2007, 2008 e 2009.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO I

Partida orzamentaria	Finalidade	Importe orzamento 2006	Anualidade 2007	Anualidade 2008	Anualidade 2009
Programa de investimentos					
02.02 10	Programa de investimentos. Creación, ampliación e modernización de empresas. Subvención a fondo perdido.	9.010.121,04	5.000.000,00	16.000.000,00	12.000.000,00
02.02 17					
Programa de elaboración de diagnósticos empresariais					
01.02 11/01/02	Programa de axudas ás pemes para a elaboración de diagnósticos empresariais.	190.631,38			
Programa de empresas en crise					
02.01 13/02/01	Programa de empresas en crise. Axudas de reestruturación. Subvención a fondo perdido.	300.000,00			
Proxectos Inesga					
02.01 01/06/03	Proxectos Inesga	200.000,00		400.000,00	
Subvencion de custos de auditoría					
02.01 16/04/01	Na concesión de préstamos ao audiovisual	50.000,00			
Subvencion de custos de auditoría					
02.01 16/04/02	Na concesión de garantías polo Igape	100.000,00			
Programa préstamos					
02.01 16/02/01	Préstamos para financiar producións audiovisuais	400.000,00			